

Centro de formación e experimentación
agroforestal de **Guísamo**

Lugar de Bos, nº14, 15640 Guísamo, Bergondo (A Coruña)
Tel. 881 881 057 / 881 881 043. Fax. 881 881 044
www.cfeaguisamo.org / cfea.guisamo@edu.xunta.es



Formación agroforestal



FEADER



FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais

TITOR/A: María del Mar Dorado Vázquez

AUTOR/A: María Rodríguez Ruiz

CONVOCATORIA DECEMBRO 2019

MEMORIA PRESENTADA POR
D. /DNA MARÍA RODRÍGUEZ RUIZ
PARA OPTAR AO TÍTULO DE
TÉCNIC@ SUPERIOR DE PAISAXISMO E MEDIO
RURAL

CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO

PROXECTO DE PAISAXISMO E MEDIO RURAL

"Feng Shui aplicado no xardín:

**Caso práctico de axardinamento en Lugar de Congostras, 26
15597 - Narón (A Coruña)"**

TITOR/A: María del Mar Dorado Vázquez

AUTOR: María Rodríguez Ruiz

CONVOCATORIA DECEMBRO 2019

MEMORIA

ANTECEDENTES	5
LOCALIZACIÓN.....	5
SITUACIÓN DE PARTIDA	6
OBJETIVOS	6
CONDICIONANTES.....	6
DESEÑO	7
ESPECIES VEGETALES.....	8
PLAZO DE EJECUCIÓN	9
MANTENIMIENTO	9
ORZAMENTO	9

1. Antecedentes

O obxecto deste proxecto é o deseño dun axardinamento para a parcela propiedade de Susana Adalid e circundante a súa vivenda habitual. A súa motivación para realizar o traballo é mellorar o aproveitamento do mesmo, distribuíndo adecuadamente as especies vexetais segundo as necesidades delas e o uso que se dará as diferentes áreas, para obter un equilibrio correcto dos elementos que forman do xardín respecto ó entorno.

Para iso, usaremos os coñecementos e técnicas do deseño de xardíns xunto co “Feng Shui”, técnica orixe chinés que busca unha correcta harmonía visual e funcional, para favorecer espazos saudables.

Non existe ningún impedimento legal para a realización de este proxecto e a obra cumprirá en todo momento a normativa vixente.

2. Localización

Atópase no termo municipal de Narón que é colídate cos de Ferrol, Valdoviño, San Sadurniño e Neda. Está situado ó noroeste da provincia da Coruña, sobre o marxe setentrional da ría de Ferrol, e forma parte da mancomunidade da Ría e a comarca de Ferrol. A súa superficie de 66,91 km² esténdese bordeando o val formado pola desembocadura do río Xúbia.

Está limitado polo océano Atlántico e polos concellos Ferrol, Neda, San Sadurniño e Valdoviño. A zona da costa norte é alta e abrupta, formada por acantilados. A zona sur está dentro da ría de Ferrol, onde desemboca o río Xúbia que atravesa o concello.

Este concello destaca polas súas paisaxes naturais, sobre todo os costeiros inda que moitos deles son pouco accesibles. Atópanse na parroquia de Santa María a Maior de O Val, onde están as praias de O Casal, Espiñaredo e A Lopesa, na cal hai restos dun castro.

O punto máis alto do concello é o Monte dos Nenos (367 m), na parroquia de Sedes.

A parcela sitúase no Lugar Congostras 26 (Pedroso – Narón) e consta dunha superficie de 2020 m² (69 m² de vivenda construída). Está clasificado como terreo rústico de uso agrícola, con referencia catastral 002301300NJ72A0001GF. Linda ó norte con outra finca das mesmas características de uso e clasificación; o sur cunha pista de parcelarias pola que se accede á

finca e unha zona ampla de eucaliptal; ó oeste con prados permanentes e o leste coa carretera principal (aldea congostras) que constitúe un ramal secundario da AC-112.

3. Situación de partida

Actualmente a parcela está delimitada con malla metálica de 1,60m de altura suxeita por postes de cemento separados a 1,50m e invadida por silveira nalgúns zonas. O xardín conta con pradería natural autóctona con alta presenza de adventicias e varias especies arbóreas ven instauradas: un castañeiro, dous nogueiras e unha camelia, ademais dalgúns arbustiva pequena e mal conservada.

Non ten sistema de rega automatizado nin iluminación exterior a maiores da propia da vivenda. Non ten tampouco alpendres, bodegas ou outras construcións a maiores da vivenda.

4. Obxectivos

Nesta propiedade viven unha persoa, dous cans e tres gatos, polo que a presenza dos animais e o disfrute da finca para eles é moi importante.

A propietaria gustaríalle ter unha pequena zona de horta, unha zona con froiteiras, un espazo de relax para poder disfrutar do sol, unha zona de sombra para manterse fresca no verán, unha pérgola e un sitio para facer de comer próximas a vivenda, un espazo para concertos (pequeno escenario) xa que é cantante e pretender dar festas con música en directo, espazos con flores e outras especies herbáceas, zona de aromáticas e unha zona de piscina en superficie.

5. Condicionantes

Non temos a priori ningún factor importante que poida limitar o desenvolvemento da obra, posto que o terreo está ben delimitado, a pendente é mínima, non temos estruturas que debamos retirar, zonas con presenza de auga, etc...

Debemos en conta a tendencia do terreo a ser pedregoso en profundidade e as necesidades que terá a terra no referente a abonos orgánicos e minerais.

Tal como estendemos no Anexo 1 (Condicionantes) recolleemos mostras de terra na finca para analizar, observando a necesidade de aportar cal o terreo (a razón de $0,3\text{kg/m}^2$) para equilibrar o ph e rebaixar a presenza de alumino, así como aportar potasio ($0,03\text{kg/m}^2$) para chegar os

límites desexables para un bo desenrolo do axardinamento, evitando raquitismos e debilidades nas plantas. Ambos serán incorporados ó terreo aproveitando as labores de preparación para realizar a obra.

No referente a materia orgánica, a terra móstrase como suficientemente rica pero inda así será abonada cos restos da roza inicial, triturada mecanicamente.

Os análises de auga procedente do pozo móstrana como apta para o rego.

Pretendemos instalar un sistema de rega automatizada mediante difusores (ver Anexo 5: Sistema de Rega) pero os datos de caudal e presión iniciais eran insuficientes para o seu funcionamento, polo que cambiaremos a bomba existente por outra máis potente, que aportará caudal e potencia de saída suficiente (70l/min e 3,5 bares concretamente).

6. Deseño

A opción elixida para o deseño será cun estilo paisaxístico estilo inglés, con predominio das especies autóctonas, arbustivas, arbóreas e herbáceas, fomentando especies que florezan en diferentes épocas do ano para tratar de manter o xardín en movemento e acorde as estacións do ano.

Teremos en conta a pouca dedicación ó mantemento que poderá facer a promotora, polo que será planeado con baixo mantemento.

No Anexo 3 (Feng Shui e Zonificación) explicase con detalle como aplicaremos neste proxecto os conceptos e técnicas de Feng Shui para distribuír o xardín en áreas diferentes de uso e buscar as mellores especies vexetais segundo o cor da súa floración, forma das follas, etc...

Dividiremos a parcela en diferentes zonas, onde teremos:

- Zona de entrada e fronte da casa, parcialmente pavimentada para maior comodidade.
- Zona do castiñeiro, aproveitada como recuncho de sombra e relax.
- Pérgola e churrasquería, con fieitos arborescentes para dar un toque pintoresco.
- Zona de concertos con escenario de madeira.
- Piscina e zona de sol. Espazo relax. Zona de aromáticas e froitos do bosque
- Horta e zona e froiteiras.

Nelas faremos unha combinación de terreo sementado con pradería natural con zonas pavimentadas, unindo as diferentes áreas mediante camiños de lousa rústica, tal como explicamos no Anexo 4 (Camiños e pavimentos).

Estará correctamente iluminada cada unha de elas e tamén os camiños de paso, con necesidades de luz moi diferentes en función do uso e sempre atendendo a seguridade. Veremos con detalle a situación do mobiliario do xardín e a súa calidade, sobre todo a resistencia ó uso e a intemperie. Ambos puntos, esténdense no Anexo 7 (Iluminación e mobiliario).

7. Especies vexetais

As especies vexetais elixidas serán preferiblemente autóctonas, inda que tamén teremos especies foráneas sen carácter invasor elixidas polo seu valor paisaxístico (ver Anexo 6: Material vexetal).

Nas arbóreas destacamos o teixo (*Taxus baccata*) como árbore emblemática e de longo legado cultural. O liquidambar (*Liquidambar styraciflua*) aportará un grande colorido outonal e o granado (*Punica granatum*) moita vistosidade nos froitos e floración.

Haberá especies moi habituais nos nosos xardíns pola súa vinculación a gastronomía: limoeiro (*Citrus x limon*), maceira (*Malus domestica*), ameixeira (*Prunus domestica*) e figueira (*Ficus carica*).

Trataremos de basear nos arbustos o groso da presenza vexetal, xa que o tratarse dunha parcela con pouca pendente aportarán volume ó espazo. Os hebes, berberis e ericas serán fundamentais, así como as azaleas coas súas fermosas flores e varios exemplares de feitos: de solo (*Blechnum spicant*) e arborescentes (*Cyathea cooperi*), cun efecto visual espectacular ó lado da zona proxectada para comer fora e recibir invitados.

Teremos un espazo dedicado a varias especies aromáticas e froitos do bosque, que serán moi útiles pois teñen numerosas propiedades e usos tanto no xardín (plantas trampa, fórmulas maxistrais) como nas aportacións á cociña e a saúde para persoas e animais.

A zona da entrada da vivenda estará reservada ás herbáceas con flor en maceta de madeira para enmarcar a porta e guiar os visitantes. A especie recomendada será o xeranio.

8. Prazo de execución

O prazo previsto para a execución da obra é dun mes, sen ter en conta posibles retrasos derivados da meteoroloxía ou outros problemas que non dependan da dirección da obra (ver Anexo 2: Programa de actuacións).

9. Mantemento

Axuntase no Anexo 2 (Programa de actuacións) o correspondente programa de mantemento anual.

10. Orzamento

O orzamento total da obra, impostos e gastos incluídos ascende a **39678,50€**

María Rodríguez Ruiz, Decembro 2019

